



CONCELLO DE ARANGA

ANUNCIO NOMEAMENTO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA

A alcaldía do concello de Aranga, ditou a seguinte Resolución, no expediente tramitado para a cobertura, en propiedade, por persoal funcionario de carreira e mediante a promoción interna, de dúas prazas de funcionario, escala de Administración Xeral , Subescala administrativa, incluídas na Oferta de Emprego Público 2022 :

Primeiro: Nomear persoal funcionario de carreira, nas prazas de administrativo da escala da Administración Xeral, do subgrupo C1, ás persoas aspirantes aprobadas que se relacionan , con expresión das prazas que se lles adxudica en adscrición definitiva:

Apelidos e nome	Código	Denominación	Departamento	Subescala
Díaz Cano María	01.00.00.05	Administrativo	Secretaría	C1
Fernández Vázquez María Salomé	01.00.00.06	Administrativo	Intervención	C1

Segundo: Para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira da subescala de administrativo, as interesadas deberán cumprir os requisitos esixidos no artigo 60 da lei 2/2015 de 29 de abril, e tomar posesión no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación da resolución de nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro: Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, de conformidade coa lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común , con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da Xurisdición contencioso- administrativa , segundo a lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da dita Xurisdición, contados a partir do día seguinte á publicación da resolución. No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

En Concello de Aranga, mércores 29 de maio de 2024

O Alcalde/Presidente

Alberto Platas Álvarez